



## **26 DE XANEIRO-DÍA MUNDIAL DA EDUCACIÓN AMBIENTAL**

**A SGEA denuncia este 26 de xaneiro-día mundial da educación ambiental-como está a desaparecer en Galicia mentres a Xunta de Galicia dilapida os nosos recursos.**

**Manifesta así a súa oposición aos recortes e perda de rumbo/desaparición da política autonómica en materia de Educación Ambiental.**

O 1 de decembro de 2010 a Sociedade Galega de Educación Ambiental deu a coñecer publicamente o manifesto **NON Á DESAPARICIÓN DA EDUCACIÓN AMBIENTAL EN GALICIA** (<http://www.sgea.org/manifesto.php>).

Este documento, que facía repaso da preocupante situación da educación ambiental no noso país e recollía as propostas e peticións do sector, foi enviado a colectivos, empresas e particulares, ao tempo que era remitido ás Consellerías de Medio Ambiente, Educación, Territorio e Infraestruturas e Medio Rural xa que, directa ou indirectamente tiñan a responsabilidade de desenvolver ou favorecer as iniciativas, programas e proxectos de educación ambiental en Galicia, e como consecuencia, eran tamén as responsables da súa precaria situación.

Mais de dous anos despois, a educación ambiental na nosa comunidade case que desapareceu por completo: apenas existen na actualidade programas institucionais de educación ambiental en marcha; non hai financiamento para o desenvolvemento de actividades de educación ambiental nos concellos; os centros de ensino carecen de recursos públicos para o impulso de iniciativas neste eido; os equipamentos ou centros de educación ambiental de titularidade autonómica (aulas da natureza, aulas forestais, centros de interpretación, etc.) están todos pechados; e a meirande parte das educadoras e educadores ambientais en Galicia están no paro.

Cómpre aclarar que, como entidade tamén promotora de accións formativas, desde a SGEA saudamos gratamente a organización de calquera curso ou xornada que poida servir de escenario para a presentación de alternativas desde a sustentabilidade no actual contexto de crise económica e ambiental. Mais, contemplando o desolador panorama do medio ambiente en xeral, e da educación ambiental en particular, cuestionamos severamente a idoneidade dun evento que, alén de descoñecermos o que supón para o erario público (seguramente moitos miles de euros), ignora as

preocupacións e problemáticas reais dun sector presumiblemente fundamental na loita contra o cambio climático, e que en efecto é un dos que máis claramente mobiliza esas posibilidades do contorno que producen emprego, saúde, lecer educativo e benestar á poboación.

Na liña do que vimos defendendo dende a nosa constitución, ***a SGEA volve a insistirle á administración autonómica na necesidade dun investimento digno en educación ambiental como mellor estratexia de implementación de políticas ambientais que antepoñan realmente a saúde das persoas e o seu benestar dentro dos límites da biosfera e de xeito sostido no tempo.***

***Cargados con estas razóns, a SGEA realizará esta fin de semana un encontro de socios e a súa asamblea xeral para así manifestar a nosa oposición fronte á deplorable situación na que se atopa a educación ambiental en Galicia, que directa ou indirectamente a Xunta de Galicia está a favorecer.***